

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 4 de setembro de 2009

ASISTENTES:
Membros :

NON ASISTEN:

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas González

D^a Laura López Atrio
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e catro minutos do día catro de setembro de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1163).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN DE AXUDA Ó TOXICÓMANO: ÉRGUETE” PARA PROGRAMA DE PISOS DE APOIO – ANO 2009. EXPTE. 46356/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 19.08.09, o informe de fiscalización do 28.08.09, e de acordo co informe-proposta do director de CEDRO, do 27.07.09, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do Convenio de Colaboración coa Asociación de Ayuda al Toxicómano Érguete, para a realización da actividade do programa de pisos de apoio á incorporación social de drogodependentes, na cidade de Vigo para o ano 2009.

2º.- Aprobar o gasto por un importe de 45,000 € con cargo á partida 41234890000, “conv. aloxamento alternativo Érguete”.

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de duos mil nove

REUNIDOS

Dunha parte Dª María Xosé Méndez Piñeiro en calidade de Concelleira Delegada da Área de Benestar Social do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de Alcaldía sobre Delegación de atribucións de data 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007.

E doutra, Dª Carmen Avendaño Otero, dni. 35956947N, na súa calidade de Presidenta da Asociación de Axuda o Toxicómano “Érguete”, con CIF. G-36.642.726 e con enderezo social na Avda. Martínez Garrido, 21 Interior, e en representación desta segundo resulta dos seus estatutos, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revocadas.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a Asociación Érguete de axuda ó toxicómano, é unha organización non gubernamental (ONG) inscrita no Rexistro Municipal co número 178/91, declarada de Utilidade Pública polo Ministerio do Interior segundo Real Decreto 1786/96, de 19 de xullo, e inscrita como entidade prestadora de servizos sociais na Xunta de Galicia.

A Asociación Érguete ven desenvolvendo a súa actividade en Vigo, no campo das drogodependencias, levando a cabo diversos programas de axuda que complementan a actividades asistenciais e de incorporación social das administracións local e autonómica.

Desde o ano 2002, a Asociación Érguete dispón dun programa de apoio residencial para persoas drogodependentes en tratamento nas unidades asistenciais de drogodependencias do Plan de Galicia sobre Drogas en Vigo, que se desenvolve en tres pisos ou centros de réxime residencial temporal nos que, mediante unha actuación programada, se posibilitan oportunidades de axuste persoal e incorporación sociolaboral das persoas en situación de risco de exclusión social.

Este programa de apoio residencial vai dirixido a persoas drogodependentes en tratamento que teñen alcanzado unha estabilidade no seu proceso terapéutico, e que necesitan dun recurso dese tipo para progresar na súa incorporación social, sendo o obxectivo principal a adaptación do usuario ó medio social a través dun programa de residencia temporal nunha vivenda normalizada coa supervisión de profesionais.

Para o desenvolvemento deste programa, a Asociación Érguete conta con tres vivendas urbanas, en réxime de aluger, ubicadas na cidade de Vigo, adaptadas ao marco normativo que regula este tipo de dispositivos de atención sociosanitaria.

O seguimento da evolución dos usuarios realízase, de forma coordinada, xunto cos terapeutas de referencia das unidades asistenciais de drogodependencias da área de Vigo.

II.- Que o Concello de Vigo, segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servicios públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade vecinal. Entre as súas competencias, están a protección da salubridade pública, a participación na xestión da atención primaria de saúde, e a prestación dos servicios sociais de promoción e reinserción social, sendo competencia de obrigado exercizo para os concellos de máis de 20.000 habitantes.

A Lei 5/1997, de 2 de abril, da Administración Local de Galicia establece que os municipios exercerán competencias sobre a protección da saúde pública e prestación dos servicios sociais e de promoción e inserción social.

Na Orde de 25 de xaneiro de 2008, pola que se regulan os requisitos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social, recóllese a existencia de centros de acollida e inclusión.

A Lei 2/1996, de 8 de maio, de Galicia sobre drogas recolle tamén as competencias das administracións locais, e os programas, medidas, e ámbitos de intervención, referidos á prevención, asistencia e incorporación social, na nosa Comunidade.

O Real Decreto 1911/1999, de 17 de decembro, polo que se aproba a estratexia nacional sobre drogas para o período 2000-2008, e o seu Plan de Acción 2005-2008, establecen que os concellos de máis de 25.000 habitantes deberán elaborar Plans Locais de Drogodependencias.

O Plan de Galicia sobre Drogas 2007-2009, en correspondencia co determinado no RD 1911/1999, establece un papel específico para as administracións locais para o desenvolvemento –entre outras– de políticas específicas de prevención de drogodependencias, fundamentalmente no ámbito comunitario, así como as orientadas a favorecer a integración social dos usuarios de drogas, e a coordinación de intervencións en materia de drogas realizadas a nivel local. Asimesmo, establece que as funcións sinaladas para a Administración local terán a súa articulación a través de, entre outros, plans municipais de drogodependencias –que deberán dispoñer de partidas e aplicacións orzamentarias propias, sen perxuício do financiamento que poidan recibir a través dos convenios de colaboración que establezan coa Consellería de Sanidade e outras administracións, para a execución das medidas recollidas nos respectivos plans municipais–, programación centrada na prevención e incorporación social, e apoio e coordinación coas ONGs da súa zona de influencia.

O Plan de Galicia sobre Drogas 2007-2009, no que se refire aos obxectivos específicos en materia de inclusión social, recolle a posta en marcha, ou a continuidade, se é o caso, de recursos residenciais de apoio á incorporación social, fundamentalmente na modalidade de pisos. Asimesmo, establece, como criterio xeral, que todas as actuacións que se implementen en materia de incorporación social asistencial se desenvolverán en colaboración coas organizacións non gubernamentais e os municipios que traballan neste ámbito, de acordo co criterio xeral de corresponsabilidade social e participación cidadá.

O Concello de Vigo ven desenvolvendo desde 1984 una política activa de intervención en drogodependencias nos ámbitos de prevención, asistencia e incorporación social, para o cal ten subscritos convenios de cooperación coa Consellería de Sanidade e o Servicio Galego de Saúde, para a realización de programas de prevención, servizos asistenciais e de incorporación social. Estes programas véñense executando mediante recursos propios e convenios con entidades locais.

No Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións (PLDA) de Vigo propóñense os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das condutas adictivas e da súa problemática asociada, a nivel local, entre os que se sinala a potenciación e coordinación dos recursos residenciais urbanos específicos de atención a drogodependentes, mediante a sensibilización das administracións competentes para a normalización destes recursos e a súa adecuada financiación e a mellora das infraestruturas e os recursos humanos dos recursos xa existentes.

O PLDA establece que os instrumentos para o seu desenvolvemento son, entre outros, o Servicio de Benestar Social, CEDRO, a oficina técnica municipal do PLDA, o convenio coa Consellería de Sanidade, e a coordinación e colaboración coas entidades (asociacións, fundacións, ONGs) adheridas o PLDA.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 4123 4890000, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 45.000 €, a favor da Asociación Érguete .

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é o cofinanzamento da actividade dos pisos de apoio á incorporación social para drogodependentes en tratamento na área de Vigo que xestiona a Asociación Érguete.

V.- Que a Asociación Érguete non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese (social, deportivo, cultural etc.) que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación Érguete, o Concello de Vigo e a dita Asociación Érguete convénian a súa colaboración no ámbito da incorporación social para drogodependentes e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.-

A Asociación Érguete comprométese a colaborar coa Consellería de Benestar Social do Concello de Vigo en canto a realización da actividade do programa de pisos de apoio á incorporación social de drogodependentes, descrito de maneira pormenorizada no anexo 1 e, concretamente, a:

1. Realizar a contratación de persoal técnico, segundo táboa de anexo 1, para execución da actividade asistencial

2. *Asumir a xestión xeral do programa*
3. *Contribuir o custo restante do programa, relativo ós recursos materiais e outros gastos, segundo anexo 1.*
4. *Cumprir as directrices técnicas do Plan de Galicia sobre Drogas e do Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicións de Vigo, e colaborar na súa estrutura participativa.*

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.-

O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder directamente á Asociación Érguete, unha subvención para o exercicio 2009 por importe de 45.000 euros co obxecto de coadxugar á financiación da actividade do programa de pisos de apoio á incorporación social de drogodependentes.

Terceiro.-

Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.-

Polo período de vixencia do convenio, o Excmo. Concello de Vigo, aportará a cantidade de 45.000€ con cargo ao programa de gastos 4123, partida 4890000, do vixente exercicio presupuestario

Os pagamentos efectuaránse do seguinte xeito:

- *50% da cantidade anual, á sinatura do convenio. Ao concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determina a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, condidérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, do Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.*

- 50% restante unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 31 de decembro, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada pola funcionaria responsable do programa.

Quinto.-

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos

Sexto.-

No caso de que a entidade beneficiaria faga algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Benestar Social, e incluír de maneira explícita os logotipos de identificación corporativa da Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias da Consellería de Sanidade, do Plan Local de Drogodependencias e outras Adicións de Vigo, e da Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo.

Sétimo.-

Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias, e estará composta por dúas persoas de Érguete e dous técnicos deste Concello, presidida polo/a Concelleiro/a responsable dos Servizos Sociais.

Oitavo.-

A Asociación Érguete comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitarias e de seguridade para os/as usuarios/as do servizo facéndose responsables dos danos e prexuízos que se poidan derivar do seu incumprimento.

Noveno.-

A Asociación Érguete poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a consecución dos seus fins, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña relación laboral destas persoas co Concello.

Décimo.-

A Asociación Érguete comprométese a presentar antes do día 31 de xaneiro de 2010, xustificación do cumprimento do convenio no Rexistro Xeral do Concello, con destino aos Servizos Sociais.

A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e 28 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

- ◆ *Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas*
- ◆ *Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:*
 1. *Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.*
 2. *Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pago das cuotas da Seguridade Social.*
 3. *Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.*
 4. *Unha declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*

Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron a actividades subvencionada.

Que foron abonadas aos seus expedidores ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.

Que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, ós efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo primeiro.-

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo segundo.-

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2009.

Décimo terceiro.-

A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Benestar Social . O responsable técnico do programa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.-

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Benestar Social e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.-

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora dende o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución siñificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.-

Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreziación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.-

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Benestar Social.

Décimo oitavo.-

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu

regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data indicado no encabezamento.

Pola Asociación Érguete

Polo Concello de Vigo.

2(1164).- APROBACIÓN BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES A ONGD PARA TEMAS DE SENSIBILIZACIÓN A NIVEL LOCAL DURANTE O ANO 2009. EXPTE. 46561/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 20.08.09, o informe de fiscalización, do 28.08.09, e de acordo co informe-proposta da xefa da Sección de Planificación de Servizos Xerais, conformado polo xefe da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o regulamento das bases para a concesión de subvencións a ONGD radicadas en Vigo, para facer accións de educación e sensibilización durante o ano 2009 na nosa cidade.

2º.- Aprobar o gasto de 30.000.- € con cargo a partida 3130.4890000 " subvencións a asociacións e entidades" no seu defecto con cargo a bolsa de vinculación. O emprego da bolsa de vinculación non afectará o normal desenvolvemento do servizo.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción de iniciativas de sensibilización e educación para o desenvolvemento promovidas por ONGDs da cidade de Vigo, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2009 consignan, na partida orzamentaria 3130.4890000 "subvención a asociación e entidades ", (bolsa de vinculación) , un crédito por un importe total de trinta mil euros (30000,00€); crédito orzamentario que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Benestar Social, destina a colaborar no financiamento da actividade de sensibilización e educación para o desenvolvemento, promovidas por ONGDs

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases e convocatoria que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases é regulamentar o procedemento de concesión de subvencións por parte do Concello de Vigo no ano 2009 para a realización de iniciativas de sensibilización promovidas por ONGDs. Que se poden resumir nos seguintes puntos:
Obxectivo xeral (OX)

“OX. Realizar unha política activa e integral de fomento do coñecemento das desigualdades no mundo, de sensibilización da poboación galega para a súa superación e de educación para o desenvolvemento

Obxetivos específicos

- OE.1. Fomentar a educación para o desenvolvemento normalizada e estable.
- OE.2. Fomentar redes de intercambio de experiencias de solidariedade.
- OE.3. Normalizar a avaliación e seguimento do impacto das accións de comunicación realizadas.
- OE.4. Identificar as pautas de comunicación que sustentarán as accións de sensibilización.
- OE.5. Fomentar as accións de comunicación e sensibilización a través de Internet.
- OE.6. Implementar encontros de deseño e avaliación entre os axentes implicados nas accións de sensibilización”.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable correspondan ás actividades de educación e sensibilización e se executen, quedando excluído o mantemento das ONGDs

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

O importe previsto para financiar o total dos gastos que se subvencionarán por parte da Concellería de Benestar social é de trinta mil euros (30.000,00€), con cargo á partida 3130.4890000 "subvencións asociacións, entidades " do vixente orzamento municipal, para o ano 2009 e bolsa de vinculación .O emprego da bolsa de vinculación non afectara o normal desenvolvemento do servicio.

Os proxectos poderán ser subvencionados ata un máximo do 80 por 100 do custo total do proxecto, incluídos os custos indirectos que non poderán superar o 8 por 100, sempre que de acordo co artigo 31.8 da LGS non sexan susceptibles de recuperación ou compensación. O importe restante corresponderá a achegas das ONGD solicitantes, ou financiadores, públicos ou privados.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.

Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

QUINTA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

Poderán solicitar e obter estas axudas para facer activades na cidade de Vigo de sensibilización e educación para o desenvolvemento no ano 2009, as ONGDs interesadas en promover ou realizar iniciativas de sensibilización e educación ao desenvolvemento na cidade de Vigo que observen os seguintes requisitos:

- 1. Estar legalmente constituídas e inscritas no rexistro municipal de ONGD*
- 2. Ter sede central ou delegación permanente en Vigo, acreditada documentalmente con dous anos de antelación, como mínimo, á presentación da solicitude.*
- 3. Describírase, así mesmo, o horario de atención ao público e se a sede ou delegación comparte ubicación con un domicilio particular.*
- 4. Ter entre os seus fins a realización de actividades de sensibilización e/ou educación para o desenvolvemento.*
- 5. Ser activas no Concello de Vigo en iniciativas de promoción da solidariedade ou sensibilización ante as inxustizas entre o Norte e o Sur, así como as inxustizas de xénero..*
- 6. Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria o resto de entidades que non realizan traballos de cooperación o desenvolvemento.*

Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso en prohibición para ser beneficiarios da subvención das previstas no dito artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10.

Os solicitantes deberán acreditar que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social mediante a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Igualmente os solicitantes das subvencións deberán acreditar que se atopan ao corrente das súas obrigas para co Concello de Vigo, para o cal, entenderase que o solicitante, ao presentar a solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo ós departamentos administrativos responsables.

SEXTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

Serán obrigas dos beneficiarios das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

1º.- Realizar a actividade de sensibilización e educación para o desenvolvemento subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude.

2º.- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.

3º.- *Empregar a lingua galega na realización das actividades subvencionadas, caso de que tal utilización se tivese invocado e avaliado como mérito no procedemento de concesión da subvención.*

4º.- *Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión das súas actividades.*

5º.- *En relación coa muller, utilizar imaxes non estereotipadas, que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.*

SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.

De conformidade co disposto no artigo 17.3 e) da LGS, de 17 de novembro, as solicitudes presentadas valoraranse de forma individualizada tendo en conta os seguintes criterios:

- 1) *Criterios de valoración da ONGD ou entidade solicitante. Ata 30 puntos.*
 - a) *Experiencia en proxectos de educación para o desenvolvemento e sensibilización social, que se desenvolveron no concello de Vigo (8 puntos).*
 - b) *Experiencia en proxectos de educación para o desenvolvemento e sensibilización social, coincidentes cos contidos do proxecto (5 puntos).*
 - c) *Capacidade institucional da ONGD: Número de socios e colaboradores, estrutura organizativa e técnica, sistemas de planificación estratéxica, manuais de organización e xestión e procedementos de avaliación e auditoría (6 puntos)*
 - d) *Persoal voluntario e remunerado da organización. Antigüidade e currículo do persoal técnico e administrativo, asalariado e voluntario da ONGD (6 puntos).*
 - e) *Estructura orzamentaria e grao de autofinanciación (5 puntos).*
- 2) *Criterios de valoración do proxecto/ac. Ata 70 puntos.*
 - a) *Identificación: Ata 8 puntos.*
 - b) *Información sobre a orixe da iniciativa: Participación dos beneficiarios e das Institucións Públicas, (3 puntos).*
 - c) *Descrición do contexto social, cultural, económico e fontes de información utilizadas para a obtención dos datos presentados relacionados co proxecto presentado (2 puntos).*
 - d) *Solicitudes que se presenten en nome de consorcios e agrupacións ou asociacións temporais ou permanentes entre ONGD (3 puntos).*
 - e) *Contido: Ata 22 puntos.*
 - f) *Concepción do proxecto como parte integrante dun programa de educación para o desenvolvemento e sensibilización social (5 puntos).*
 - g) *Coherencia do marco lóxico do proxecto (2 puntos)*

- h) Adecuación do proxecto ás características socioeducativas da nosa cidade (5 puntos)*
 - i) Iniciativas de sustentabilidade ambiental (2 puntos).*
 - j) Integración da perspectiva de xénero no proxecto (3 puntos).*
 - k) Complementariedade cos obxectivos e metas de Desenvolvemento do Milenio (5 puntos).*
- 3) Recursos: Ata 15 puntos.*
- a) Exposición da estrutura do financiamento xeral do proxecto, con desglose orzamentario presentado por partidas, con todos achegos monetarios e de valoración de activos de todos os financiadores e colaboradores (4 puntos).*
 - b) Optimización do uso de recursos en función das actividades (4 puntos).*
 - c) Recursos humanos do proxecto indicando períodos de tempo, dedicación, cualificación e experiencia profesional (3 puntos).*
 - d) Recursos Técnicos, audiovisuais materiais e metodolóxicos postos a disposición do proxecto (4 puntos).*
- 4) Seguimento e Avaliación: Ata 10 puntos.*
- a) Metodoloxía de seguimento interno do proxecto (2 puntos).*
 - b) Sometemento do proxecto a unha avaliación externa independente custeada pola propia ONGD con recursos propios (4 puntos).*
 - c) Formulación dunha liña de base sobre o estado inicial de partida do proxecto que permita a súa avaliación posterior (4 puntos).*
- 5) Beneficiarios: Ata 15 puntos.*
- a- Número e caracterización dos beneficiarios, directos e indirectos, e grao de relación co obxectivo específico do proxecto (10 puntos).*
 - b- Criterios aplicados para a selección dos beneficiarios e fontes para a súa definición e determinación (3 puntos).*
 - c- Participación dos beneficiarios en todas as fases do proxecto (2 puntos).*

OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCÍONS.

O importe total máximo destinado a estas subvencións distribuirase entre tódalas ONGD,s que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiarios, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, en función da puntuación acadada no proceso de avaliación que se realizará en función dos criterios previstos no apartado anterior.

NOVENA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

DÉCIMA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 10 días naturais, contados dende o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

DECIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.

Coa solicitude, segundo o modelo que figura como anexo I do expediente, deberase achegar a demais documentación esixida nestas bases e convocatoria, segundo os modelos, no seu caso, que figuran nos demais anexos ao dito expediente.

A instancia de solicitude será asinada polo representante legal da entidade peticionaria e presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou por algún dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións do Procedemento Administrativo Común.

Á instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación.

1. Anexo I: solicitude cos datos sobre a ONGD solicitante .
2. Anexo II: Memoria do proxecto
3. Estatutos da Entidade.
4. Fotocopia compulsada da cédula identificación fiscal (CIF)
5. Informe contable do último ano.
6. Última memoria de actividades da organización local ou da entidade
7. Certificado de subvencións solicitadas e/ou concedidas no ano 2009
8. Declaración de non estar incursos nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia..
9. Declaración do/da secretario/a da entidade no que conste quen ten a condición de representante legal da entidade
10. Certificados orixinais ou copias compulsadas de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias —Axencia Tributaria e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia— e para coa Seguridade Social.
11. Certificado Orixinal da titularidade da conta bancaria a favor da entidade solicitante.

DÉCIMO SEGUNDA.- SUBSANACIÓN DA SOLICITUDE.

Consonte co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será requirido para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días naturais, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.

DECIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE.

Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente diario oficial, e na paxina web www.vigo.org, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

Publicidade das subvencións concedidas.

As axudas que se concedan ao abeiro das presentes bases e convocatoria serán publicadas no correspondente diario oficial, cando a súa contía sexa de 3.000€ ou superior, con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. As solicitantes ás que se lles conceda a subvención terán dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao honor, intimidade persoal e imaxe.

Ademais desta publicación para as axudas de contía igual ou superior a 3.000 €, o listado de tódalas axudas que se concedan será publicado, coas devanditas indicacións, na páxina web www.vigo.org e exposto no taboleiro de anuncios do Concello

A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda destas axudas, facilitaranse na Oficina de Información do Concello de Vigo, nas oficinas da Concellería de Benestar Social na propia paxina web do Concello de Vigo.

Publicidade do financiamento público.

As beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria deberán empregar o distintivo do Concello de Vigo en tódalas actividades e comunicacións que promovan e en todas as publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Benestar social -Concello de Vigo” segundo modelos do anexo II.

DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

A Concellería de Benestar social será a encargada da instrucción do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta pola concelleira de Benestar social, O xefe de Servizo da Área de Benestar social e un/a funcionario/a da mesma área que actuará como secretario/a.

A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Benestar social, como órgano instructor, formulará proposta de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrucción e resolución do expediente será de tres meses, como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello e a súa resolución notificarase ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ó da notificación, de acordo co artigo 116 da lei 30/1992, de 26 de novembro e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dicte resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Transcorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

As entidades beneficiarias das axudas están obrigadas no prazo de dez días a contar do seguinte ao da notificación a comunicar por escrito á Concellería de Benestar social a aceptación ou renuncia das axudas, transcorrido este prazo sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

DÉCIMO CUARTA.- SUBCONTRATACIÓN.

Os beneficiarios non poderán subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

DÉCIMO QUINTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

As beneficiarias das subvencións deberán xustificar antes do 30 de novembro de 2009 o cumprimento da finalidade para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. Transcorrido este prazo perderase o dereito a percibi-la subvención..

Ao efecto de xustifica-la subvención os beneficiarios deberán achegar:

Memoria de actuación xustificativa do cumprimento dos proxectos e actividades subvencionadas Os cuestionarios e documentación, debidamente cumprimentada que figura no anexo III destas Bases (Modelos para a xustificación):

II.1	Relación de facturas presentadas como xustificación.
II.2	Certificado da veracidade das actividades realizadas.
II.3	Certificado actualizado das subvencións concedidas ou recibidas doutras persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas.
II.4	Declaración responsable do solicitante de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias —Axencia Tributaria e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia— e para coa Seguridade Social, (Art. 31.7.(e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia).

Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto subvencionado, en relación co apartado ou apartados para o cal está destinada a axuda coas seguintes especificidades:

- 1º.- As facturas serán orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan

as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

2º.- Importe xustificativo: Terase en conta como importe xustificativo a Base Impoñible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da axencia Tributaria que a entidade está exenta de IVA.

3º.- Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

4º.- Se os beneficiarios solicitaran a devolución das facturas orixinais presentadas, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación coa xustificación da subvención.

DÉCIMO SEXTA .- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONES.

A realización da actividade subvencionada a adecuada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Benestar social . O xefe do servizo de Benestar social emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

DÉCIMO SÉTIMA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

As ONGD beneficiarias deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Benestar social e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO OITAVA.- PAGAMENTO.

O pagamento da subvención terá lugar logo da xustificación polas ONGD,s beneficiarias da actividade para a que se concede a subvención.

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

DÉCIMO NOVENA.- PERDIDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONES. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIONES.

Perda do dereito ao cobro:

Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte das ONGD,s beneficiarias da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causa previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

VIXÉSIMA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Benestar social do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Benestar social do Concello de Vigo.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2009, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

3(1165).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE SUBSTITUCIÓN DA CUBERTA DA NAVE DO PARQUE CENTRAL DE TEIS . EXPTE. 1157/213.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 20.08.09, conformado polo concelleiro delegado da Área de Mobilidade, Transporte e Seguridade, e polo interventor xeral accidental, a Xunta de Goberno local acorda:

1º Aproba-lo proxecto básico e de execución de sustitución da cubrición de naves do Parque Central de Bombeiros de Vigo, redactado polo enxeñeiro D. Manuel Antonio Medraño Fariña.

2º.- Aproba-lo gasto de 146.728,77 euros para a execución das obras do proxecto básico e de execución de sustitución da cubrición de naves do Parque Central de Bombeiros de Vigo que se imputarán á partida 2221.632.00.00 do presuposto do ano 2009.

3º Aproba-lo expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación das obras por procedemento negociado sen publicidade de data 05-06-2009.

4º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a consulta con alomenos tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

4(1166).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA:

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 1.09.09, a Xunta de Goberno local acorda:

A) MDC, S.L. EXPTE. 2880/241.

Devolver a MDC Ingeniería S.L. a fianza de 1.752,30 € constituída para responder da reparación de vehículo PO-5723-O xa que foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

B) ORECO S.A. EXPTE. 11722/331.

Devolver a ORECO S.A. a fianza de 2.885,37 € constituída para responder da “instalación carpintería exterior na Casa das Artes” xa que as obras foron recibidas por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

5(1167).- REVISIÓN EXTRAORDINARIA DO CONTRATO PARA A RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RSU, LIMPEZA URBANA DE PRAIAS DE VIGO, NO CONCEPTO DE LIMPEZA URBANA. EXPTE. 2303/252.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 3.03.09, conformado polo concelleiro delegado de Contratación, que di o seguinte:

D. Guillermo de Cal Alonso, en nome e representación da empresa Fomento de Construcciones y Contratas, S.A., adxudicataria do contrato de xestión de servizo público de recollida de residuos sólidos urbanos, limpeza viaria e limpeza de praias, por acordo do pleno municipal de data 26 de febreiro de 2001, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello o 6 de xuño de 2008, propón a revisión extraordinaria do prezo do mesmo, motivada pola modificación de superficies, producidas ata o ano 2008, que implican un incremento no obxecto do contrato, no referente á parte de limpeza viaria.

A proposta presentada, componse dunha relación detallada da cada unha das zonas nas que se producen modificacións de superficies, superficie modificada, planos e custe que implica o incremento na prestación do servizo, así como as correspondentes “ordenes de servizo” que deron lugar as modificacións propostas, firmadas estas polo xefe do servizo de limpeza e o Concelleiro delegado do servizo.

A posibilidade de revisión extraordinaria do prezo do contrato, no que respecta o servizo de limpeza viaria aparece recollida na cláusula VII apartado b-2), do texto refundido do prego de cláusulas administrativas particulares que rexeron o concurso convocado para a adxudicación da concesión administrativa, e textualmente manifestase nos seguintes termos:

“ A finalización de cada ano do prazo contractual, o adxudicatario presentará proposta das ampliacións reducións do contrato nas que se especificarán as superficies ampliadas/reducidas, o nivel de limpeza requirido e a valoración económica do seu custe.

Polo que respecta á determinación da revisión extraordinaria, o seu devengo e competencias, para a súa aprobación será de aplicación o previsto no apartado b-1, precedente”

As condición que se recollen no apartado citado, b-1, que afectan a revisión extraordinaria da parte do contrato de recollida de residuos sólidos urbanos, sendo tamén de aplicación a prestación do servizo de limpeza viaria, son as seguintes:

-Cando os residuos recollidos e transportados se incremente ou diminúan nun promedio anual dun 5% respecto ós doce primeiros meses de prestación do servizo ou da última revisión extraordinaria, producirase un aumento ou diminución do prezo do contrato, sempre e cando se requiran e se incorporen efectivamente novos medios materiais ou humanos para a prestación do servizo.

En canto a acreditación , devengo e competencia da revisión, sinalase que no caso da incorporación efectiva de novos medios, por un incremento medio anual superior a un 5%, o custe da revisión extraordinaria devengará os seus efectos o primeiro día correspondente ó ano inmediatamente posterior ó que puxo de manifesto o incremento.

A cuantificación da revisión extraordinaria será efectuada polos técnicos municipais competentes, requiríndose en todo caso, para a facturación desta, a aprobación polo pleno da Corporación e a acreditación dos medios incorporados.

No relativo os custes indirectos que se poidan derivar da revisión extraordinaria pola incorporación efectiva de novos medios só serán computables para un incremento do prezo do contrato, sempre e cando efectivamente se produzan, mediante a acreditación destes pola concesionaria.

O Xefe do servizo de Limpeza, emite informa, segundo o previsto no prego de cláusulas administrativas e condicións técnicas que rexeron a contratación, facendo a seguinte aclaración ó mesmo:

En canto a determinación da revisión extraordinaria do contrato na parte de limpeza viaria, informa que non é de aplicación superar a porcentaxe de superficie establecida para a recollida de residuos nun 5%, para que o adxudicatario teña dereito á ampliación que solicita, polos seguintes feitos:

Na recollida de residuos, a ampliación é posible segundo o prego de cláusulas administrativas, si se supera a porcentaxe de residuos establecido, ó existir unha relación directa entre o volume de residuos e medios necesarios para a recollida.

No servizo de limpeza viaria, na marxe de que non se establece ningunha porcentaxe, xa que unha ampliación do mesmo se pode orixinar por circunstancias non vinculadas a un aumento nunha porcentaxe determinada tales como apertura de novas rúas ou prazas, ampliación de beirarrúas, modificación de uso de viais de tráfico e zonas peonís, modificacións de tipo de pavimento que implique a modificación da superficie de pavimentado e a modificación do nivel de limpeza etc.

Fai mención así mesmo, que as ordes de ampliación do servizo foron dadas pola xefatura dese servizo de limpeza coa conformidade do concelleiro delegado, e a valoración do mesmo foi efectuada tendo en conta o nivel de limpeza requirido en cada zona de limpeza, e segundo os metros ampliados aplicouselle e custo m2 segundo prezos da oferta.

En canto os medios para efectuar a ampliación do servizo, propón, partindo dos rendimentos aplicados na oferta presentada, que son os seguintes:

*Medios materiais: 4 vehículos porte caixa pechada.
19 carriños portabolsas.
17 carriños portabolsas con mangueras.
1 vehículo limpiapintadas equipado con equipo turbo.*

*medios humanos: 2,00 condutores na quenda de mañá.
39,08 peóns.*

Admitindo a aclaración feita do xefe do servizo, e non considerar o tope do 5% de incremento, previsto para a parte do contrato de recollida de residuos, resulta que a proposta feita pola empresa de zonas ampliadas, debidamente valoradas, ó contar coa orde do Xefe do servizo de limpeza e o Concelleiro delegado de area, son suficientes para presentar a proposta de ampliación do servizo, tal como se recolle no apartado b-2), do prego de cláusulas administrativas que rexeu a contratación.

A competencia para aprobación de dita proposta, a pesar de que no prego de cláusulas administrativas, ven atribuída o pleno da Corporación, segundo a Lei de Modernización das facendas Locais está corresponderá a Xunta Local de Goberno.

A cuantificación da revisión extraordinaria, a vista do informe do Xefe do servizo de limpeza de data 25 de febreiro de 2009, actualizado co último Kt aprobado na XGL de 30 de decembro de 2008, Kt = 1,401), é de 2.386.704,59 euros/ano.

O seu devengo comezaría a contar, no caso de que a xunta de Goberno local aprobe a presente ampliación, non obstante para a facturación da mesma sería necesario que ésta ampliación do servizo sexa efectivamente aprobada polo órgano competente, e a contratación do persoal que precisa para afrontar a ampliación na prestación do servizo, extremos que se poderían xustificar coa presentación da copia das novas contratacións laborais.

Por outra parte, en referencia a facturación do importe da revisión extraordinaria, debese ter en conta o que recolle o prego de cláusulas administrativas, no relativo os custes indirectos, xa que estos soamente serán computables para un incremento do prezo do contrato, sempre e cando estes se produzan, mediante a acreditación deste pola concesionaria.

Polo exposto, proponse a Xunta de goberno Local, previo informe da Intervención xeral, a adopción do seguinte A C O R D O

Aprobar a revisión extraordinaria do prezo do contrato de Recollida de residuos Sólidos urbanos, limpeza viaria e limpeza de praias, adxudicado a empresa “Fomento de Construcciones y Contratas, S.A.”, por acordo do Pleno municipal de data 26 de febreiro de 2001, por incorporación ó contrato do novas zonas obxecto de limpeza viaria que non se incluían na contratación inicial, nos seguintes termos:

- Importe da revisión: 2.386.704,59 euros/ano (Actualizado co último Kt aprobado XGL de 30 de decembro de 2008).*

- *Devengo: a partir da data de aprobación desta pola Xunta de Goberno Local.*
- *Facturación: Unha vez acreditadas as contratacións de persoal, e realizados os gastos en elementos materiais que implica a ampliación.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1168).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A D. JESÚS FERNÁNDEZ DOMÍNGUEZ, CONSTITUÍDO CON MOTIVO DA REALIZACIÓN DE OBRAS EN EDIFICIO LÍNDANTE CO PARQUE DE CASTRELOS. EXPTE. 4614/446.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, do 25.08.09, conformado polo concelleira-delegado de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Que se proceda á devolución de aval requirido a Jesús Fernández Domínguez por valor de 1.000,00 € por obras en edificio lindante co Parque de Castrelos, xa que unha vez rematadas as mesmas o espazo utilizado quedou no seu estado orixinal.

7(1169).- REVISIÓN EXTRAORDINARIA DO PREZO DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE ZONAS VERDES. EXPTE. 4579/446.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 20.07.09, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a revisión extraordinaria do prezo do contrato de prestación de servizos de conservación e reposicións de parques e xardíns do Concello de Vigo, adjudicado a empresa Cespa, S.A., por acordo da Xunta de Goberno local de 29 de marzo de 2005, por modificación das superficies obxecto do contrato, por un importe de 527.923,58 euros, polo que o prezo contractual pasaría a ser de 4.976.961,02 euros/ ano.

8(1170).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA CORRESPONDENTES Ó MES DE XULLO. EXPTE. 907/334.

Mediante providencia de data 2.09.09, a concelleira de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística, en cumprimento coa base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo, dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Normalización Lingüística durante o mes de xullo de 2009, que son os seguintes:

Expediente	896/334. Realización de diversas actividades recreativas relacionadas coa lingua
Decreto concelleira	data 6 de xullo de 2009
Informe Intervención	RC 39574
Adxudicatario	Varias empresas
Importe	12.000,00 euros

Expediente	899/334. Campaña 25 de xullo, 25 verbas
Decreto concelleira	data 22 de xullo de 2009
Informe Intervención	RC 42694
Adxudicatario	Anónimo publicidad, S.L.
Importe	20.695,42 euros

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

9(1171).- PROPOSTA DE ADSCRICIÓN DA VILA ROMANA DE TORALLA Ó MUSEO “QUIÑONES DE LEÓN”. EXPTE. 5162/307.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 31.08.09, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 30 de decembro de 2008, aprobou a adxudicación definitiva das obras de acondicionamento e urbanización do entorno do recinto arqueolóxico da villa romana de Toralla, coas que se ultima o proxecto de musealización iniciado no ano 2003 por este Servizo de Patrimonio Histórico.

Unha vez rematadas as obras, e aberto ao público o xacemento, xurde a necesidade de afondar no seu proxecto expositivo e divulgativo, polo que se considera que dita dependencia municipal debe ser adscrita ao Museo “Quiñones de León”.

Así as cousas, hai que recordar que, como sinala a Lei 8/1995, de 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, “os museos son institucións de carácter permanente, abertas ao público e sen finalidade de lucro, orientadas á promoción e desenvolvemento cultural da comunidade en xeral, por medio da recollida, adquisición, inventario, catalogación, conservación, investigación, difusión e exhibición, de xeito científico, estético e didáctico, de conxuntos e coleccións de bens patrimoniais de carácter cultural que constitúen testemuñas das actividades do ser humano ou do seu entorno natural, con fins de estudio, educación, disfrute e promoción científica e cultural”.

Deste xeito, con esta adscrición, a villa romana de Toralla incorporárase á colección de arqueoloxía do Museo “Quiñones de León”, e contribuiría á contextualización do legado patrimonial da cidade de Vigo.

Polo tanto, solicítase desa Xunta de Goberno Local o seguinte:

- Adscribir o recinto arqueolóxico da villa romana de Toralla ao Museo “Quiñones de León”.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1172).- ABOAMENTO PRODUTIVIDADE POR CONDUCCIÓN DE VEHÍCULO SEN SER OFICIAL CONDUTOR A D. MANUEL ÁLVAREZ ALONSO. EXPTE. 289/302.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20.08.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 19.05.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados por don Manuel Alvarez Alonso da Oficina Municipal de Información ó Consumidor (OMIC), aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, a cantidade que figura na relación que se achega, por un importe total de 26'96 € correspondentes ó 1º trimestre de 2009 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADES.

11(1173).- PRODUTIVIDADE PERSOAL DO SERVIZO DE CONSERXERÍA CORRESPONDENTE Ó SEGUNDO TRIMESTRE DO 2009. EXPTE. 19183/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18.08.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 14.07.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Ao persoal dependente do Servizo de Conserxería se lle esixe permanentemente un rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo máis alá do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, tal e coma se recolle na Instrucción 3ª, ap. m) sobre Cadro de Persoal e relación de postos de traballo vixentes, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 21 de xaneiro de 2009 (BOP, de 18 de marzo de 2009).

Neste caso e fronte ó restante persoal das súas respectivas categorías, concorren as circunstancias contempladas no art. 5 do Real decreto 861/1986, do 25 de abril, para a percepción do complemento

de produtividade, xa que non contan cun horario fixo, senón que teñen que estar a disposición da Alcaldía, para dar cobertura a numerosos actos e recepcións programados na Casa do Concello, no momento no que sexan requeridos para isto, incluso xornadas en sábado, domingo ou festivo, nocturna, etc.

Recíbese no Servizo de Persoal escritos asinados pola Xefa de Subalternos, D^a Teresa Vaqueiro Herbelo e o concelleiro delegado de xestión municipal nos que se informa do número de horas realizadas por D Jose Angel Fernandez Alonso nos meses de maio e xuño de 2009, para o seu aboamento, de conformidade co disposto na base m) da Instrucción 3^a sobre plantilla e relación de postos de traballo.

Tendo en conta o recollido no art. 23 da Ley 30/84 en relación coa Disposición Final Cuarto e definitiva única da Lei 7/2007 de 12 de abril, o art. 28 da Ley 2/2008, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2009, así como o art. 5 do R.D. 861/86 definen a produtividade como unha retribución complementaria non fixa nin periódica, establecida en función do especial rendemento, a actividade e dedicación extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario/a desempeña o seu traballo, esixindo que a súa valoración se faga desde ditos parámetros obxectivos e atendendo tamén os resultados ou obxectivos perseguidos polos correspondentes programas, sen que en ningún caso as cantidades percibidas polo dito concepto en relación cun período determinado, orixinen dereitos individuais respecto de eventuais valoracións ou apreciacións para períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

As vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 21 de xaneiro de 2009, en concreto a citada instrucción no seu punto 3^a m), establece que “con cargo ó complemento de produtividade aboarase o especial rendemento e dedicación e a actividade extraordinaria o persoal adscrito á Conserxería Municipal polas labores, a dispoñibilidade horaria das cales sexa requerida expresamente pola Alcaldía-Presidencia, para a recompensa-lo especial rendemento e dedicación esixible ó referido persoal, e que colabora cos departamentos de Cultura, Animación Sociocultural e Relacións Públicas dando cobertura e apoio ós actos e recepcións programados na Casa do Concello, celebrados dun xeito extraordinario fora da xornada ordinaria en sábados, domingos e festivos, establécese un complemento de produtividade, con devengo trimestral, en función das horas traballadas, supeditado en todo caso ó informe dos responsables dos referidos servizos, acreditativo do rendemento e dedicación dos traballadores propostos e que fosen autorizados expresamente pola Alcaldía-Presidencia antes da súa realización, sendo a Xunta de Goberno Local a que establecerá a contía e regulación pormenorizada da asignación da produtividade.

O abono efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose, polo tanto, as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións. Non obstante, consideraranse como traballados os períodos de baixas por accidente de traballo e enfermidade profesional e, os correspondentes a permisos e licencias contidos no acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ó servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.

A asignación destes complementos retributivos requerirá consignación previa do gasto por parte da Intervención Xeral, así como a ulterior publicación do acordo no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello para coñecemento dos demais traballadores.

En consecuencia, e acreditado o número de horas de prestación de servicios, considerase oportuno recompensar este meritorio rendemento e dedicación permanente, a través dun complemento de produtividade que en certa medida compense o esforzo e dedicación que se lle ven esixindo ós traballadores afectados.

Como promedio obxectivo para a súa asignación, considerase ponderado os abonos seguintes:

Jose Angel Fernandez Alonso: Hora festiva: 4,25 €

cantidades que se aboaran en funcion das horas en exceso realizadas, resultando os seguintes importes:

D Jose Angel Fernandez Alonso: 8.30 h (4 h mes maio e 4,30 h mes xuño 2009) : 36,13 €

Vistos os feitos precedentes podese informarse que, en principio, concorrerían os supostos necesarios para que o órgano resolutor poidera proceder ó outorgamento deste complemento retributivo, ben entendendo que non se trata dun dereito subxectivo preexistente dos funcionarios, senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, toda vez que a simple concorrencia dos criterios de asignación aprobados pola Xunta de Goberno Local non poden implicar un devengo automático da produtividade, xa que éstos tan só constitúen os supostos fácticos previos e necesarios para poder aprecia-lo rendemento dos funcionarios propostos, polo que , previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local :

- *O aboamento ao funcionario D Jose Angel Fernandez Alonso, adscrito a Conserxería Municipal, a cantidade de 36,13 €, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento do seu posto de traballo, mais ala do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas no periodo comprendido entre os meses de abril a xuño de 2009, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril, con cargo a partida 121.0.1500000.*

Dese traslado da presente acordo aos interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1174).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR CONDUCIR VEHÍCULO MUNICIPAL SEN SER OFICIAIS DO PERSOAL DO SERVIZO DE LIMPEZA, CORRESPONDENTE Ó 2º TRIMESTRE 2009. EXPTE. 19193/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18.08.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 21.07.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal do Servizo de Limpeza, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficiais conductores, a cantidade que figura para cada un deles na relación que se achega no expediente e que comeza por Don Fernando Fernández Pérez e remata por Don José Constantino Sola Quiroga, por un importe total de 576'27 € correspondentes ó 2º trimestre de 2009 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADES.

13(1175).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE A PERSOAL DO SERVIZO ELECTROMECAÑICOS POR LIMPEZA DE FONTES PÚBLICAS, CORRESPONDENTE Ó 2º TRIMESTRE 2009. EXPTE. 19179/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18.08.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 14.07.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de complemento de produtividade ao persoal do Servizo de electromecánicos que participan no operativo da limpeza especial das fontes públicas ornamentais , D Juan Davila Perez, con nº de persoal 14491 a cantidade de 350,00 € e D Francisco Oterino Fernandez, con nº de persoal 10725 a cantidade de 280,00 €, correspondentes ao 2º trimestre de 2009, e D Francisco J Bea Puentes, con nº de persoal 79136, a cantidade de 466,67 €, polo 1º e 2º trimestre do ano 2009, o que supón un total de 1.096,67€, con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

14(1176).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE Ó FUNCIONARIO D. AVELINO SAN LUIS COSTAS, CORRESPONDENTE Ó 1º TRIMESTRE 2009. EXPTE. 19182/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19.08.09, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 15.07.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno local, na súa sesión de data 30 de abril de 2007, acordou recoñecer ao funcionario D Avelino M. San Luis Costas , Xefe de RR.PP e protocolo, adscrito ao Gabinete de Alcaldía a asignación dun complemento de produtividade por importe anual de 10.400 €, a devengar trimestralmente, previo informe do Gabinete de Alcaldía, acreditativo da especial dedicación do funcionario no período correspondente.

O citado acordo especifica o carácter anual do complemento retributivo aprobado non circunscibéndolo ao ano 2007 unicamente, polo que se considera que o gasto si foi previamente autorizado, quedando condicionado o seu aboamento a existencia de consignación na partida orzamentaria 121.0.1500000 Productividade.

Con data 23 de xaneiro de 2009, recíbese informe asinado polo Alcalde Presidente da Corporación no que se acredita o especial rendemento e adicación do devandito funcionario no 4º trimestre do ano 2008 (xullo, agosto, setembro).

De conformidade co disposto no artigo 23.3.c) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a reforma da Función Pública –precepto que ten carácter básico- o complemento de produtividade constitúe un concepto retributivo complementario que ten por obxecto retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou iniciativa coa que os funcionarios públicos desempeñen o seu traballo, precepto que debe interpretarse nos termos do disposto nas disposicións derogatorias única e final cuarta da Lei 7/2007 do 12 de abril .

En igual senso, o artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As motivacións da presente proposta en canto a prolongación da xornada laboral, incremento de funcións, etc, considérase que as especiais circunstancias nas que se produce o desempeño do posto de traballo referido supoñen una dispoñibilidade plena, incluídos días festivos por esixencia obxectiva dos seus cometidos, parámetros que ata a data non se atopan recollidos en ningún concepto retributivo de carácter fixo, polo que cumpre recoñecer ao funcionario adscrito ao posto de xefe de Relacións Públicas, previo informe acreditativo do servizo, o seu especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou iniciativa coa que esta a desempeñar o seu traballo, de conformidade co disposto no artigo 28 da Ley 2/2008, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2009 (en canto ao complemento de produtividade) en relación coa Disposición Final Cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, e no artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

Según os datos obrantes no Servizo de Persoal, o funcionario Avelino San Luis Costas disfrutou de vacacions no periodo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño de 2009 e non tivo ningunha baixa por incapacidade temporal no mesmo periodo.

Deste xeito, o importe da produtividade solicitada ascendería a cantidade de 5.200,00 €.

Vistos os feitos precedentes pode informarse que, en principio, concorrerían os supostos necesarios para que o órgano resolutor poidera proceder ó outorgamento deste complemento retributivo, ben entendendo que non se trata dun dereito subxectivo preexistente dos funcionarios, senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, polo que considerase que previo informe da Intervención Xeral proponse á Xunta de Goberno Local:

- *O aboamento ao funcionario D Avelino San Luis Costas, funcionario adscrito a Alcaldía, un complemento de produtividade por importe de 5200,00 €, segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de abril de 2007, en relación ao período comprendido entre 1 de xaneiro ao 30 de xuño de 2009.*

Dese traslado do presente acordo ao interesado, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1177).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE Á FUNCIONARIA D^a ANA M^a SOTO SOBRADO, CORRESPONDENTE Ó 2º TRIMESTRE ANO 2009. EXTE. 4114/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19.08.09, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 15.07.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Por resolución da Alcaldía-Presidencia de data 18 de abril de 2005 encomendouse á funcionaria D^a Ana Maria Soto Sobrado -con praza de administrativa de admón. Xeral, DNI 36031696B e nº de rexistro de persoal 11475, adscrita o Servizo de información- a realización das tarefas propias da xefatura de negociado de información ata a incorporación da titular do mesmo.

Con data 10 de xullo de 2009, o xefe de Atención e Participación Cidadá remite escrito ao Servizo de RR.HH, solicitando o aboamento das diferenzas retributivas correspondentes á encomenda de funcións realizada a funcionaria D^a Ana Maria Soto Sobrado, correspondente o período comprendido entre o 1 de abril ao 30 de xuño de 2009.

Os devengos retributivos en concepto de produtividade e gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle a Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) no seu artigo 24. Dado que o novo réxime retributivo deseñado na devandita norma xurídica non entrará en vigor ata a o desenvolvemento lexislativo posterior consonte á Disposición Final Cuarta da mesma norma, e vista a derogación expresa que do artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, efectúa a Disposición Derogatoria Única, apartado b), debe acudirse ao preceptuado no artigo 28.Un.apartado E) da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2009, que define e precisa o contido e alcance do complemento de produtividade.

En igual senso, o artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

De conformidade coas Instrucións de Plantilla vixentes, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 21 de xaneiro de 2009 serán aboadas con cargo o complemento de produtividade, entre outros supostos, o especial rendemento derivado do desempeño dun posto de categoría superior, por ausencia do seu titular, sempre que a súa duración sexa superior a un mes, polo importe da diferenza de nivel de complemento de destino e específico entre os dous postos.

As retribucións aprobadas para os postos de xefa de negociado de información e administrativo de administración xeral no ano 2009 son:

	Xefe de negociado	Administrativo	
CD	535,06		437,89
CE	805,66	677,83	127,83
		Diferencia mensual	225,00

De conformidade coas instruccións de plantilla vixentes, o aboamento efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións, agás que a produtividade contase con periodicidade, na que se computarían as baixas por accidente de traballo, enfermidade profesional e permisos e licencias.

Neste caso, e non tendo o carácter periódico, a produtividade deberase calcular en función dos días efectivamente traballados, descontándose polo tanto as baixas laborais e vacacións.

Consultados os datos obrantes neste Servizo, no período comprendido entre o 1 de abril ao 30 de xuño de 2009, a funcionaria non disfrutou de vacacións e tivo unha baixa por ILT do 13 de marzo ao 15 de xuño de 2009.

Deste xeito, o importe da produtividade solicitada ascendería a cantidade de 112,50€.

Vistos os feitos precedentes informase que, en principio, concorrerían os supostos necesarios para que o órgano resolutor poidera proceder ó outorgamento deste complemento retributivo, ben entendendo que non se trata dun dereito subxectivo preexistente dos funcionarios, senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, toda vez que a simple concorrencia dos criterios de asignación aprobados pola Xunta de Goberno Local non poden implicar un devengo automático da produtividade, xa que éstos tan só constitúen os supostos fácticos previos e necesarios para poder aprecia-lo rendemento dos funcionarios propostos, polo que previo informe da Intervención Xeral propónse á Xunta de Goberno Local:

O recoñecemento á administrativa de admón. Xeral, D^a Ana María Soto Sobrado, un complemento de produtividade por importe de 112,5 € euros, importe calculado en función das diferencias retributivas existentes entre as asignadas ao posto de xefa de negociado de información e as establecidas para o posto de administrativo de admón. xeral, en relación ao período comprendido entre 1 de abril ao 30 de xuño de 2009, con cargo a partida 121.0.1500000, acordando en consecuencia o aboamento do mesmo.

Dese traslado do presente acordo á interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1178).- DEVOLUCIÓN DE AVAL Á SOCIEDADE CULTURAL COMISIÓN FESTAS DA CONSOLACIÓN, CONSTITUÍDO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DAS FESTAS DA CONSOLACIÓN DE COIA. EXPTE. 76797/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Mobilidade, Transporte e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución da citada fianza achegada en data 02 de xullo de 2009, pola Comisión de Festas nosa Sra. Das Neves da Guía con CIF G 36731404, por un importe de 2000 € para responder dos posíbeis danos con motivo da celebración da Festa da sardiña e das festas patronais da Guía os días 01,03,04 e 05 de agosto de 2009, na carballeira da Guía por non producirse danos na vía pública.

17(1179).- DEVOLUCIÓN DE AVAL Á COMISIÓN DE FESTAS NOSA SEÑORA DAS NEVES DA GUÍA, CONSTITUÍDO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DA FESTA DA SARDIÑA E DAS FESTAS PATRONAIS. EXPTE. 76798/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Mobilidade, Transporte e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución da citada fianza achegada en data 11 de xuño de 2009, pola Sociedade Cultural Comisión Festas da Consolación en Vigo, co CIF G: 36633030, por un importe de 6000 € para responder dos posíbeis danos con motivo da celebración das Festas da Consolación de Coia os días 03,04,05,06 e 07 de xullo de 2009, por non producirse danos na vía pública.

18(1180).- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO POLO IMPORTE DE 324.987,88 € A FAVOR DE IMESAPI, S.A, POLO ALUMEADO DE NADAL. EXPTE. 2840/104.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 28.08.09, e de acordo co informe-proposta do coordinador xeral de tenencia de Alcaldía, do 22.07.09, conformado polo concelleiro delegado de Comercio, Industria e Turismo, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito a favor da entidade IMESAPI S.A., con CIF A28010478, en relación os gastos de reparación e instalación do Alumeado Nadal 07/08 e Alumeado Nadal 08/09, polo importe de 324.987,88 € (200.000 € anos 07/08 e 124.987,88 € anos 08/09), de acordo coas facturas nº 36101555 de data: 31/12/2007 e nº 36102005 de data: 13/04/2009, con cargo a partida e a vinculación 6220.2130000 “Alumeado Nadal” do vixente orzamento.

19(1181).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e once minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.